



MEMORIA XUSTIFICATIVA DO CONVENIO ENTRE O CONSELLO XERAL DO PODER XUDICIAL E A LA VICEPRESIDENCIA PRIMEIRA E CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA, XUSTIZA E TURISMO DA XUNTA DE GALICIA PARA A PROMOCIÓN DA MEDIACIÓN E OUTRAS FORMAS PACÍFICAS PARA A RESOLUCIÓN DE CONFLICTOS

A Vicepresidencia Primeira e Consellería de Presidencia, Xustiza e Turismo é o órgano da Administración autonómica que ten atribuído o exercicio das competencias en materia de xustiza en virtude do artigo 20 do Estatuto de autonomía de Galicia, aprobado pola Lei orgánica 1/1981, do 6 de abril. É desexo desta Consellería a realización de todas aquelas actuacións coas que poida acadarse a maior eficacia en relación cos temas da Administración de xustiza en xeral, segundo as funcións que lle atribúe o Decreto 214/2020, do 3 de decembro, polo que se establece a súa estrutura orgánica.

Antecedentes: Ao Consello Xeral do Poder Xudicial correspóndelle, en virtude das competencias que lle atribúe a Lei Orgánica 6/1985, do 1 de xullo, do Poder Xudicial en desenvolvemento do artigo 122 da Constitución Española, a promoción, fomento e divulgación dos métodos alternativos ao xurisdiccional para a resolución de conflitos e especialmente en relación á mediación intra-xurisdiccional, así como a formación de Xuíces e Maxistrados na materia, a implantación de plans piloto e actuacións análogas coa finalidade referida de impulso do devandito mecanismo de resolución de conflitos e á colaboración e cooperación con administracións e institucións con competencias no mesmo ámbito.

O Estatuto de autonomía de Galicia, aprobado pola Lei orgánica 1/1981, do 6 de abril, establece no seu artigo 20.1 que en relación coa Administración de xustiza, exceptuada a militar, lle corresponde á Comunidade exercer todas as facultades que as leis orgánicas do poder xudicial e do Consello Xeral do Poder Xudicial recoñezan ou atribúan ao Goberno do Estado. Consonte con isto á Vicepresidencia Primeira e Consellería de Presidencia, Xustiza e Turismo correspóndenlle, entre outras, as competencias en materia de impulso, implantación e desenvolvemento de programas e actuacións de desxudicialización de conflitos e de promoción da mediación, especialmente no ámbito de menores e familia, tal e como establece o Decreto 214/2020, do 3 de decembro, polo que se establece a súa estrutura orgánica.

O Consello Xeral do Poder Xudicial e a Xunta de Galicia asinaron o 27 de abril de 2015 un convenio de colaboración para a o impulso da mediación e outras formas pacíficas de resolución de conflitos como fórmula alternativa e/ou complementaria ao procedemento xudicial. O devandito convenio tiña unha vixencia inicial de dous anos e foi prorrogado sucesivamente, de modo que a súa vixencia esténdese ata o 27 de abril de 2021.

Finalidade: A finalidade do presente Convenio é establecer o marco de colaboración a desenvolver entre o Consello Xeral do Poder Xudicial e a Vicepresidencia Primeira e Consellería de Presidencia, Xustiza e Turismo da Xunta de Galicia para o impulso, promoción e divulgación da mediación e doutras formas pacíficas de resolución de conflitos como fórmula alternativa e complementaria ao proceso xudicial.





Mediante este Convenio a Comunidade Autónoma de Galicia de compromete a poñer ao dispor dos órganos xudiciais e dos cidadáns información sobre a mediación, e/ou outros servizos de resolución pacífica de conflitos como alternativa ao proceso xudicial, procurando crear puntos de información sobre estes servizos nos edificios xudiciais. Neste sentido, comprométese a incluír a mediación dentro do asesoramento e orientación gratuítos previos ao proceso, naqueles casos en que conforme á lexislación aplicable corresponda ás Administracións con competencias en materia de xustiza sufragar o custo da actuación con cargo a fondos públicos para aquelas persoas en quen concorran os requisitos que a lei estableza para ese efecto, e de acordo coas disponibilidades orzamentarias.

Tamén son compromisos da Comunidade Autónoma de Galicia por a disposición os espazos adecuados e medios materiais suficientes para o desenvolvemento da información sobre a mediación, facilitar ao CGPJ semestralmente os datos relativos ao resultado das derivacións a mediación levada a cabo nos distintos órganos e incluír nos plans formativos deseñados para os empregados públicos ao servizo da Administración de Xustiza actividades de formación en mediación e noutras formas alternativas de resolución de conflitos.

O Consello Xeral do Poder Xudicial asume, esencialmente, o compromiso de dar a coñecer a mediación e outras formas de resolución pacífica de conflitos entre todos os membros da Carreira Xudicial facilitando aos xuíces e maxistrados a información necesaria sobre os recursos dispoñibles

O instrumento convencional fundaméntase no seguinte:

- O Consello Xeral do Poder Xudicial é o órgano constitucional que exerce as funcións de goberno do Poder Xudicial coa finalidade de garantir a independencia dos xuíces no exercicio da función xudicial fronte a todos.
- Polo Decreto 394/1994, do 29 de decembro, asumíronse as funcións transferidas á Comunidade Autónoma de Galicia mediante Real Decreto 2166/1994, do 4 de novembro, sobre traspaso de funcións en materia de provisión de medios materiais e económicos para o funcionamento da Administración de Xustiza.
- A Vicepresidencia Primeira e Consellería de Presidencia, Xustiza e Turismo é o órgano da Administración autonómica que ten atribuído o exercicio das competencias en materia de xustiza en virtude do artigo 20 do Estatuto de autonomía de Galicia, aprobado pola Lei orgánica 1/1981, do 6 de abril, e segundo as funcións que lle atribúe o Decreto 214/2020, do 3 de decembro, polo que se establece a súa estrutura orgánica.
- As administracións públicas poden formalizar convenios de colaboración con outras entidades públicas e mais con persoas xurídicas suxeitas ao Dereito Privado, ao abeiro do disposto no artigo 48 da Lei 40/2015, do 1 de outubro, de Réxime Xurídico do Sector Público, e mais no Acordo do Consello da Xunta do 27 de marzo de 1991, sobre convenios de cooperación con outros entes públicos e de colaboración con particulares, feito público pola Resolución da Consellería de Economía e Facenda do 8 de abril de 1991.

Financiamento: Este convenio non comporta gasto ningún para as partes asinantes, inseríndose as obrigacións das partes no desenvolvemento ordinario das competencias propias. Cada unha das partes





asinantes do presente convenio asumirá o custo das actuacións que deba realizar de conformidade co clausulado do mesmo e consonte ás súas respectivas normas de xestión económica.

Polo exposto, considérase xustificada a utilización do instrumento do convenio para articular as actuacións de referencia, quedando o convenio fóra do ámbito de aplicación da Lei 9/2017, do 8 de novembro, de contratos do sector público, con independencia de que, ao abeiro do previsto no artigo 6 dá dita norma, lle sexan de aplicación os principios desta lei para resolver as dúbidas e lagoas que se poidan presentar.

Santiago de Compostela, data da sinatura electrónica

O Director Xeral de Xustiza

Juan José Martín Álvarez

